



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico Axustes de contabilidade nacional en contas autonómicas

CONVOCATORIA: Curso monográfico Axustes de contabilidade nacional en contas autonómicas

GRUPO: Economía Pública (Formación Continua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓN:	1

DATA MATRÍCULA: Do 24/05/2023 - 09:00h ao 29/05/2023 - 23:59h

RESPONSABLE: GONZALEZ FAILDE, JOSE ANTONIO [jose.antonio.gonzalez.failde@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O cálculo do resultado orzamentario establecido como obxectivo polo CPFF, establécese en base á definición das necesidades de financiamento en termos SEC como porcentaxe do PIB rexional. O sistema de contabilidade e control público das comunidades autónomas reporta un resultado en termos de contabilidade orzamentaria polo que é necesario practicar unha serie de axustes sobre o mesmo para obter unha magnitude de acordo co convenio de contabilidade nacional do SEC 2010. O dominio destas técnicas é fundamental para a planificación orzamentaria e a rendición de contas da comunidade autónoma. O obxectivo deste curso é adquirir as habilidades mínimas para aplicar os axustes na contabilidade orzamentaria que prevé o SEC e coñecer os criterios da Oficina Nacional de Contabilidade ao respecto.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que desempeñe funcións relacionadas coa xestión orzamentaria e intervención.

Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade; o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros; e o persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal, os/as empregados/as públicos/as da Escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

1ª sesión: 2 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 18:30 horas

- Protocolo sobre o déficit excesivo(PDE). As novas regras fiscais.
- Delimitación sectorial do sector público
- Concesións e asociacións público-privadas (APPs)
- O mecanismo de recuperación e resiliencia(MRR)

Relator: Juan Miguel Báscones Ramos

2ª Sesión: 5 de xuño, en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 18:30 horas

- Determinación da capacidade/necesidade de financiamento das unidades administrativas sometidas a orzamento

limitativo.

- A regra do gasto

Relator: Ricardo Alfonso Núñez Gil

3ª sesión: 9 de junio, en horario de 10:00 a 13:00 horas

- Determinación da capacidade/necesidade de financiamento da comunidade autónoma

Relatora: Lucía Solórzano Vázquez

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 02/06/2023 a 09/06/2023

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JUAN MIGUEL BASCONES RAMOS

LUCÍA SOLÓRZANO VÁZQUEZ

RICARDO ALFONSO NÚÑEZ GIL

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 2: O día 02 de xuño de 10:00 a 14:00. O día 02 de xuño de 16:30 a 18:30. O día 05 de xuño de 10:00 a 14:00. O día 05 de xuño de 16:30 a 18:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 8: O día 09 de xuño de 10:00 a 13:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA